



As comunidades de aprendizaxe nas escolas 0-3

Blanco Vallejo, Lucía; Santos Mato, Carlos

Artigo
temático

Novembro de 2007

Resumo

O presente artigo pretende introducirmos no concepto de comunidade de aprendizaxe e aterra os seus principios e estratexias no contexto das Galescolas. Trátase de apuntar as posibilidades reais -cos tempos e recursos dispoñibles- de aproveitar este tipo de experiencias en prol de mellorar a aprendizaxe dos seus profesionais e de toda a comunidade educativa.

Palabras Chave: Comunidade, aprendizaxe, práctica, informal, tecnoloxías, virtual, vida cotiá, experiencia, reflexividade.

Introdución

No panorama nacional e internacional na década dos 90 comezaron a florecer experiencias de aprendizaxe compartida nas comunidades educativas que se dan por chamar “comunidades de aprendizaxe”. Máis aló das discusións sobre as orixes deste termo, o concepto cristaliza formas de aprendizaxe social baseadas no grupo que poden ser fontes de inspiración para as Galescolas.

En paralelo, e realizando interesantes aportacións ao mundo profesional, o estudo das *comunidades de práctica* e as *comunidades virtuais* debuxan un rico contexto teórico -práctico que tratamos de aproximar ao mundo do ensino galego.

A participación dos axentes sociais e educativos en proxectos compartidos e o aproveitamento dos tempos e espazos como lugares de encontro para a aprendizaxe son os factores cruciais destes tipos de comunidades que crecen e se alimentan da vontade por compartir e aprender de forma conxunta. Ao longo deste artigo, faremos un percorrido por estes tres conceptos e veremos algunhas experiencias que, baixo as súas premisas, se teñen desenvolvido para recoñecer as súas potencialidades.

De que vai todo isto?: Tres conceptos de comunidade

Comunidade de práctica	Comunidades de aprendizaxe	Comunidade virtual
Enténdese por <i>comunidade de práctica</i> aquel grupo de persoas que xeran unha identidade particular como consecuencia de compartir experiencias e significados na súa práctica cotiá. (Wenger, 1998). Estas comunidades, fórmanse en contextos profesionais e conteñen un importante potencial para comprender o significado que adquire a práctica dentro das organizacións.	Poderíamos definir as <i>comunidades de aprendizaxe</i> como grupos de persoas que aprenden conxuntamente, empregando ferramentas comúns nun mesmo contexto. (Gairín 2006) Son grupos motivados por unha visión da aprendizaxe que se apoian e traballan unidos, buscando -dentro e fora da súa comunidade inmediata- formas de preguntarse sobre a súa práctica para mellorar a aprendizaxe dos alumnos.	“Agregacións sociais que emerxen da rede (dixital) cando un número suficiente de persoas participan en discusións públicas durante un tempo suficientemente longo, con suficiente sentimento humano para formar redes de relacións persoais no ciberespacio” Rheingold (1996)

Relacionando, relacionando, os conceptos vanse aproximando

Como podemos observar, as comunidades de aprendizaxe poden ser entendidas como *comunidades de práctica* que están especializadas na aprendizaxe.

As comunidades de aprendizaxe propóñense, no contexto profesional, como estratexia baseada nos principios da construción social do coñecemento. Integran diversos enfoques pedagóxicos que promulgan o diálogo, a participación e a negociación para desenvolver aprendizaxes en grupo. Mediante a negociación e o compromiso nunha acción reflexiva común -que parte da realidade cotiá de cada membro- xéranse saberes de diversos tipos: saber facer, saber ser e saber vivir xuntos. (Orellana, 2002)

Pola súa parte a *comunidade virtual* ten como particularidade a de se formar nun contexto que non é físico –non se adscribe á relación das persoas en torno a un territorio, edificio ou contexto organizativo- senón por formarse na interacción na rede, nun contexto virtual.

Estes tres conceptos de comunidade teñen unha clara relación entre si e ofrecen novas formas de ver os contextos profesionais e de modelizar as súas prácticas.

Experiencias e formas de enfocar a comunidade

Existen distintas formas de enfocar unha *comunidade de aprendizaxe* dependendo do contexto no que a situemos así como dos axentes implicados.

Formar unha *comunidade de aprendizaxe* en torno á comunidade educativa supón embarcar ao contorno da escola nun proxecto conxunto para a aprendizaxe de todos os seus membros.

Dende Cataluña, o CREA (Centro de Investigación Social e Educativa da Universitat de Barcelona) ven desenvolvendo actividades de asesoramento para a formación destas comunidades en Euskadi, Aragón e Cataluña.

O proxecto de *comunidades de aprendizaxe* dende a perspectiva deste grupo de investigación, é un proceso de transformación do centro que pasa por tres etapas: Fase de sensibilización, fase de soño e fase de selección de prioridades e organización.

Na primeira etapa o profesorado implícase nun proceso de formación converténdose en aprendiz mentres son os pais, nais e outros axentes externos os que se responsabilizan das clases e do centro para vivir profundamente a escola. (Rey, G e Vega, M. Carmen)

A fase do soño implica a participación de todos (alumnado, familias, claustro, entidades locais e outros axentes implicados) nun proceso de definición da “escola que queren”. (Iturbe, X. e Totorikaguena, K.)

Finalmente, a última etapa supón baixar á realidade e seleccionar aqueles aspectos prioritarios para iniciar o proceso de transformación da escola. (Zudaire, B. e Lavado, J.)

Outra forma de concibir as *comunidades de aprendizaxe* supón tomar como protagonistas da experiencia ás mestras e aos mestres nun proceso de aprendizaxe colectiva onde aprender dos demais compañeiros e compañeiras reflexionando de forma continua sobre a súa práctica diaria. Compartir acougos, vivencias, e problemas-solucións, establece lazos persoais-profesionais de gran valía para a súa formación.

Esta perspectiva, toma como factor clave a potencia formativa que teñen os momentos informais de encontro entre os profesionais para potenciar a súa aprendizaxe. Atopamos exemplos deste tipo de comunidades nos proxectos europeos como *epractice* (<http://www.epractice.es/>) que tratan de fornecer espazos onde compartir boas prácticas e experiencias para ensanchar o coñecemento colectivo dos membros da comunidade.

Tendo en conta a relevancia que ten potenciar tempos e espazos de encontro, a introdución de tecnoloxías da información é un factor fundamental para crear, dinamizar e manter estas comunidades.

Os espazos virtuais convértense nos “contextos” destas comunidades permitindo que existan tempos para a interacción e ferramentas que a organizan e garanten.

Camiñamos nesta liña? Formalizar a comunidade nas Galescolas. Establecer lazos coa comunidade educativa: persoal educativo, nais e pais e outros axentes

Comezar a establecer as bases para crear unha comunidade, supón intensificar e estreitar

as relacións entre a escola, as familias e o seu contexto. Con nenas e nenos con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos é particularmente importante que exista unha gran colaboración entre os adultos de referencia. Os tempos antes e despois da escola, a charla informal cos profesionais e todas aquelas actividades promulgadas, tanto dende a escola como dende a casa, son momentos especiais para intercambiar información e pautas comúns de educación das crianzas.

O primeiro espazo que comparten os membros da comunidade educativa de cada galescola, debe ser a propia escola; un espazo físico real, acolledor e axeitado para que se produzan intercambios de información fluídos e dialogados.

As TIC, teñen un papel fundamental no fornecemento destas relacións entre os membros da comunidade educativa de cada galescola e entre os membros de todas as galescolas de Galicia. A *web*, o correo electrónico, a mensaxería instantánea, son algunhas das ferramentas TIC máis empregadas, que atopan no portal das galescolas un punto de encontro que fai de nodo da rede. O portal das galescolas (www.galescolas.net) é un contorno colaborativo que contempla espazos de comunicación e colaboración de gran importancia para a relación entre os profesionais e as familias. Pero dispor das ferramentas e as tecnoloxías non é suficiente para que falemos dunha verdadeira comunidade. A comunidade emerxerá das relacións que se establezan por medio da plataforma tecnolóxica, creando redes de contacto. *Os fíos non fan a rede, a rede é necesario tecela.*

Podemos establecer relacións mantendo a comunicación de distintos tipos e por distintas vías. Vexamos algúns exemplos do que nos permite o portal *Galescolas.net*:

- Comunicación un a un:
 - *O educador on-line*: permite aos proxenitores comunicarse cos profesionais da educación e exporlle as súas inquedanzas, fornecendo a relación presencial.
 - *Consultas aos especialistas*: Os proxenitores teñen á súa disposición especialistas que resolven as súas dúbidas. Estes especialistas poden asesorar ás familias e tamén aos educadores e educadoras, creando e intercambiando experiencias.
- Comunicación de un a moitos: O *buzón de suxestións* permite a todos participar, propoñer melloras, facer críticas...
- Comunicación un a todos: Dende a administración e a dirección dos centros, infórmase, nas diversas seccións, das novidades máis destacadas en cada intre. Dende as galescolas e dende as familias, estase a utilizar unha valiosa ferramenta como son os *blogs*.. Actualmente os blogs das galescolas comezan a usarse, para informar ás familias (tamén aos outros compañeiros e compañeiras que forman parte da rede de galescolas ou non) de actividades que se van realizar, contar outras que xa se desenvolveron e documentalas, dar anuncios e recados...
- Os blogs persoais comezan a dar os primeiros pasos, algunhas familias se presentan e comentan sobre diversos temas de interese.
- Comunicación todos con todos:
 - Os foros sérvennos para comunicarnos entre todas e todos e reflexionar, discutir, propor, preguntar... É unha das ferramentas máis versátiles do portal e sen embargo é, de momento, unha das menos empregadas.
 - O chat a diferenza das demais ferramentas permite comunicarnos pero de forma síncrona, e dicir: “mentres falamos, estamos”; non como nas demais onde podemos deixar a nosa mensaxe e pode ser respondida en calquera outro intre. Ofrécenos unha comunicación inmediata e máis áxil.

Tecer a rede: Eu participo, ti participas eles participan

Todas as comunicacións mantidas son susceptibles de tecer relacións entre os membros da comunidade pero seguramente son as comunicacións de “todos con todos” as máis propicias “para crear comunidade”. Pero...¿qué pasa con eses foros? ¿qué facemos co *chat*?

Participar nun foro, pódese limitar a formular dúbidas, mandar unha mensaxe de felicitación... ou ben crear discusión, alentar a participación, axudarnos a resolver problemas da nosa experiencia cotiá cos máis cativos... Pasado o tempo, todas estas aportacións, poderán ser de utilidade a outras persoas que teñan os mesmos problemas ou


dúbidas similares.

Posiblemente hai temas que son comúns a todos os membros do portal: ¿Como fago o meu blog? ¿como podo orientalo para que sexa útil e interese aos demais? Os cursos, os manuais... ofrécennos información, pero son as persoas que están a realizar o mesmo proceso que nós quen mellor nos poden aconsellar sobre como resolver os tropezos que nos imos atopando.

Ao mesmo tempo, existen na práctica cotiá outros asuntos máis específicos que podemos compartir: Que e como plantexar unha actividade de aprendizaxe para os nenos e as nenas no Entroido, no Nadal, no magosto... ? que farán noutras galescolas? O foro é un lugar ideal para discutir e planificar, ofrecer propostas e melloralas cos compañeiros.

Cando os foros teñan un uso intensivo, será preciso establecer figuras que propicien o seu correcto desenvolvemento. A experiencia de dinamizar un foro é moi enriquecedora pero, como todo, ten os seus segredos, as súas técnicas e as súas normas! Algunhas referencias, de outras comunidades en internet, pódennos dar pistas para o seu correcto desenvolvemento ([ver Amatua](#))

O Chat de Galescolas



O *chat*, pola súa banda, é un apoio perfecto ás conversas que deben ser rápidas, ou ben para charlar informalmente. A miúdo, resulta divertido entrar e ver quen anda por ahí, pero... se queremos falar (conversar) de algo importante ¿por que non quedamos? Podemos popoñer unha “quedada” no foro, con días de antelación para que, cando queiramos tratar algún tema, esteamos seguros de que as persoas indicadas andarán conectadas.

Eu que fixen, ti que fixeches, eles que fixeron?: experiencias, actividades, creatividade pedagóxica ao poder!

Os *blogs* ou bitácoras, son unha ferramenta importantísima para crear comunidade. Mestres e mestras están a dar conta do traballo diario nos seus *blogs* como forma de informar aos pais e nais da actividade na escola. A modo de anuncio, recordatorios de festas e datas importantes... outras galescolas informan e documentan as actividades que fixeron cos máis cativos.

O *blog* como diario, pode ser unha ferramenta moi versátil para reflexionar e compartir a práctica do día a día. Outros mestres e mestras poden visitar outros *blogs* e aprender das experiencias dos demais.



O *blog* como caderno onde apuntamos as cousas que nos van pasando, actividades “que funcionan”,... son fonte de inspiración para os demais. Reflexividade e participación son os

elementos esenciais dun blog profesional. Comentar as anotacións dos compañeiros e que eles comenten as nosas crea un tecido de relacións e de aprendizaxes compartidas.

Por último, neste artigo, non queremos deixar de comentar outra das ferramentas do Portal das galescolas, que se nos antolla ideal para que a comunidade prospere e evolucione: O buzón ou caixa de suxestións. Existen miles de cuestións para opinar sobre o portal das galescolas. Se da nosa participación coas súas ferramentas, temos ideas que se nos veñen á cabeza, propostas ou suxestións de mellora, (“por qué non facemos isto así, isto estaría mellor de esta outra forma...”) Que mellor momento para dicilas agora que as galescolas están despegando?

Para rematar

As comunidades, e as súas redes de relación sempre estiveron aí: mestres e mestras intercambian experiencias, informan e participan coas familias, pais e nais falan dos seus fillos cos demais, organizan actividades e se embarcan en proxectos compartidos.... “pero as novas tecnoloxías lles dan unha capacidade de actuación coa que nunca antes contaran (..) poden saltar os límites da distancia xeográfica (...) e coordinarse sen ter un traballo sincrónico”.

Unha comunidade xurdirá pola vontade dos individuos de agruparse para formar unha entidade superior que busque sentido ás súas prácticas. Por iso, é fundamental contar co compromiso mantido dos seus membros de participar. As galescolas contan con infraestructuras, propostas e tecnoloxías para emprender iniciativas que fagan realidade unha *comunidade de práctica* virtual e/ou real que potencie a aprendizaxe.

Referencias

- Fernandez Enguita, M (2007) “Redes para la innovación educativa” en *Cuadernos de Pedagogía* n 374 (pp 26-31)
- Gairín Sallán, Joaquín (2006) “Las comunidades virtuales de aprendizaje” en *Educar* 37, pp 41-64
- Iturbe, X. e Totorikaguena, K.”Fase del sueño. ¿Cual es tu centro ideal?” pp. (46-49) en *Cuadernos de Pedagogía*. N. 316 Septiembre 2002
- Rey, G e Vega, M Carmen “Fase de sensibilización. Aprender entre todos y todas” pp. (42-45) en *Cuadernos de Pedagogía*. N. 316 Septiembre 2002
- Rheingold, H (1996) *La comunidad Virtual. Una sociedad sin fronteras*. Gedisa. Barcelona.
- Orellana, I. (2002): “Buscando enfrentar los desafíos educativos contemporáneos: la estrategia pedagógica de la comunidad de aprendizaje en educación ambiental”. In L., Sauvé, I., Orellana et M., Sato (Ed.), *Sujets choisis en éducation relative à l'environnement. D'une Amérique à autre*. Textos escogidos en educación ambiental. De una América a otra. Textos escolhidos em educação ambiental. De uma América à outra. (p. 221- 231). Montréal: Les Publications ERE-UQAM. ISBN 2-89276-213-8.
- Wenger, E (2001) *Comunidades de práctica. Aprendizaje, significado e identidad*. Editorial Paidós. Barcelona
- Zudaire, B. e Lavado, J.”Fase de selección de prioridades y Organización. No todo es posible al mismo tiempo” pp. (50-53) en *Cuadernos de Pedagogía*. N. 316 Septiembre 2002

Cita recomendada

Blanco Vallejo, Lucía e Santos Mato, Carlos (2007). “As comunidades de aprendizaxe nas escolas 0-3”. Galescolas.net. Xunta de Galicia. Vicepresidencia. [Data de consulta:dd/mm/aa]. [dirección web <http://>]



Esta obra está baixo a licenza Recoñecemento – Non comercial – Obras derivadas baixo a mesma licenza 2.5 de Creative Commons. Pódeas copiar, distribuír e comunicar publicamente sempre que especifique o seu autor e a Xunta de Galicia; non a utilice para fins comerciais; pode facer obras derivadas e distribuila cunha licenza coma esta. A licenza completa pódese consultar en <http://creativecommons.org/licences/by-nc-sa/2.5/deed.gl>.